# A continuidade clásica

# Roma

Roma tamén ha ver na arte grega unha arte *classicus*, é dicir, de calidade e digna de imitar. Así se fixo, imitouse e copiouse mesmo descaradamente, sobre todo no ámbito das artes plásticas. A arquitectura pola contra, ha ter en Roma un selo específico e persoal de innovación e calidade, converténdose nunha referencia de carácter universal



Se perpetúan na arte romana moitos criterios, principios, mesmo elementos concretos da arte grega. Pero compre matizar esta continuidade, porque que a arte romana tamén tivo a súa propia achega e, sen dúbida, unha **personalidade propia** moi definida, sobre todo no campo da **arquitectura**.

# ETAPAS DA HISTORIA DE ROMA

**M O N A R Q U Í A**
Século VIII - VI a.c.

**R E P Ú B L I C A**
Século VI – I a. c.

**I M P E R I O**
Século I a.c – III        Século III – V

**"ALTO IMPERIO"**





*d e c l i v e   c o n t í n u o*

VIII . . . . . . . . VII . . . . . . . . VI . . . . . . . . V . . . . . . . . IV . . . . . . . . III . . . . . . . . II . . . . . . . . I . . . . . . . . . II . . . . . . . . III . . . . . . . . IV . . . . . . . . V . . .

**a.C.- d.C**

756 a.C.
FUNDACIÒN
DE ROMA

509a.C.

30 a.C.
CHEGADA DE
AUGUSTO
AO PODER

379 d.C.
DIVISIÓN

476 d.C.
CAÍDA DO
IMPERIO











**Analizaremos a arte desta civilización a partir do momento no que o Imperio está xa perfectamente consolidado.**

**Roma** non fai referencia só a unha cidade italiana, senón que abarca todo o *territorio* que nun momento determinado, no inicio da historia de Europa, estivo baixo o dominio político, económico, artístico e militar da cidade de Roma.

**Comezou o seu desenvolvemento no século VI a.C. como cidade fundada polos etruscos, civilización contemporánea da Grecia arcaica.**







**Despois de terse liberado do dominio etrusco (509 a. C.), a República romana iniciou unha política de expansión coa que logrou dominar e romanizar toda a conca mediterránea "*Mare Nostrum*", difundindo o seu idioma, dereito, comercio, moeda, urbanismo e artes plásticas**

# EXPANSIÓN

**Os romanos conquistaron o mundo e fundaron o seu propio imperio sobre as ruínas dos reinos helenísticos**




*Geographical Tour: A Tour of Empire*





**"cohesión grazas a 3 piares"**

Dereito Romano — Calzadas — Latín

**A etapa de maior esplendor da civilización romana coincide co período coñecido como <u>Alto Imperio (séculos I a.C.- III d.C.)</u>. A Roma de esta época é un conglomerado de territorios, pobos e culturas diferentes que esixe un importante número de funcionarios e un poderoso exército para o seu control e administración. As formas políticas foron evolucionando e a figura do emperador concentra os máximos poderes.**

# ECONOMÍA PREDADORA E ESCRAVISTA

## Masiva explotación dos recursos dos territorios conquistados











## Organización territorial “provincias”




## Hispania: unha importante fonte de recursos





Durante o Baixo Imperio (S. III-V) unha crise múltiple empuxa cara a ruralización da vida e a diferenciación entre Oriente e Occidente, marcando o tránsito á Idade Media.




**Cando comeza o seu declive, o Imperio se dividirá en dúas metades para poder controlar mellor o territorio.**

## O REMATE DO MUNDO ROMANO




**Aínda así as dificultades medran e no século V os pobos situados na fronteira norte, aos que os romanos denominaban bárbaros, invaden o Imperio Occidental**

# A ARTE ROMANA

## Características xerais

A arte romana comezou en conexión coa arte etrusca e grega, e se manifestou coma arte propiamente romana a partir do s. II a. C. ata o s. V d. C. A mestura de pobos que conviven no territorio romano darán un **carácter ecléctico** a súa arte.

O pobo romano asimilará as creacións etruscas, gregas e orientais, pero o mérito dos romanos foi saber adaptar as tradicións de outras civilizacións ás súas necesidades, desenvolvendo un estilo persoal que difundirán sobre todo polo Occidente do Imperio.

É un pobo pragmático e busca solucións técnicas para as necesidades de construcción de cidades, a **utilidade** vai ser para eles unha das finalidades básicas das realizacións plásticas.
Roma transformará a linguaxe artística grega abstracta e racionalista, adaptándoa aos aspectos prácticos e técnicos, tentanto unir beo e útil.

Pero tamén usan as artes para propagar o poder de Roma, de aí ven o **carácter monumental** e grandioso das obras. Fan unha arte ao servicio do Estado, principal cliente.

**Consideración do artista :** se aprecia máis á "obra de arte" que ao artista, que era entendido como artesán (figura anónima, a maioría extranxeiros)
Unha parte importante das obras de arte que adornaban Roma e outras cidades proviñan do saqueo de cidades gregas e helenísticas. A maioría dos artistas que traballaron en Roma foron gregos, e a maioría dos coleccionistas romanos adquirían obras de grandes mestres de Grecia, ou copias delas.
Os principais clientes da arte serán o Estado e as corporacións locais.

Todas as características nomeadas, sabiamente combinadas, deron lugar a unha **arte orixinal capaz de tomar elementos prestados e reconvertelos para adicalos aos seus propios fins**. Parece pois un erro de apreciación considerar a arte romana como unha copia da grega, sobre todo se se toma como punto de partida a súa arquitectura, punto clave da herdanza artística de Roma.

Influenzas etruscas

- Uso do arco e a bóveda
- Gusto polo retrato
- Técnica do bronce

Influenzas gregas

- Ordes arquitectónicas
- Urbanismo hipodámico
- Algunhas tipoloxías de edificios: templo, teatro, estadio...
- Técnica perfecta da estatuaria

# A orixinalidade romana "A ARQUITECTURA"

- **Novas ideas construtivas**: materiais máis baratos e sólidos ; novas ordes; bóveda de aresta; cúpula semiesférica.
- **Importancia das obras públicas**: murallas, calzadas, pontes, acuedutos...

  Variedade de tipoloxía construtiva, monumentalidade e grandiosidade.
- **Arquitectura práctica, funcional, utilitaria.**

# ARQUITECTURA

E certo que se adoptan elementos esenciais da arquitectura grega, pero noutros a romana non é so diferente, senón radicalmente oposta: lembremos que a grega carecía dunha concepción de *ESPAZO INTERIOR*, mentres que a romana achega á historia da arquitectura unha multiplicidade de solucións, ricas en matices. A a romana resulta tamén moito máis complexa, porque mentres a grega se conforma cunha estructura tan simple como é a solución alintelada, a romana crea espacios abovedados e cupulados, introduce novos materiais e novas técnicas, multiplicidade de edificios diferentes, e un pragmatismo e monumentalidade que non tiña a grega. Non é só unha arquitectura diferente, senón tamén moito máis trascendente , sendo o verdadeiro precedente de toda a arquitectura posterior.

A característica máis importante da arquitectura romana e o uso do arco.

Construir un arco con pedras independentes en forma de cuña constitúe unha difícil proeza de enxeñería. Unha vez dominado este arte, o arquitecto puido empregalo en proxectos cada vez máis atrevidos




Clave
Extradorso
Doela
Frecha
Luz
Imposta
Intradorso
Xamba
5
4
8
7
6
3
2
11
12

O sistema abovedado baséase no esquema de arco  (Roma só empregaba o de medio punto)









Cúpula

Bòveda de aresta

Bòveda de canón



Mesturan sistema abovedado
e arquitrabado nun mesmo edificio

## Combinación arco de medio punto e estructura alintelada

Aparición de enxutas (triángulo con lado inferior curvo)

Arco serve de entibo (contraforte) para robustecer a construcción

Equilibrio formas rectas e curvas



## Superposición de arcos



## Idean dúas novas ordes que incorporan ás que copiaron dos gregos

Capitel follas de acanto e volutas





composto (máis decorativo) | corintio | xónico | dórico | toscano (máis austero)

Entablamentos: gran liberdade decorativa, abundantes entrantes e saíntes

Fustes: salvo toscano que é liso, poden ser estriados ou lisos

Con basa

Baixo columna un pedestal

Todas as ordes

## Novos elementos de soporte:

# Materiais

Máis baratos e sólidos...Empregan indistintamente:

- Pedra, ladrillo, mármores..
- Madeira: material auxiliar (vigas, cimbras, andamios)
- Formigón ou morteiro: *opus cementicum*

Perpiaños de pedra
unidos a oso (sen mestura).
Empregaban grapas metálicas
cubertas de chumbo para afianzar
a súa consistencia

Unión viva





A gran revolución na arquitectura produciuse co descubrimento do **opus caementium** (froito da mestura de cal, area,fragmentos de lava volcánica e auga). O emprego deste material supuxo unha triple vantaxe: ao fraguar alcanzaba unha gran resistencia ( o que permite facer maior variedade de formas e de maior tamaño), permitía construír rápidamente e era un material moi barato.O único inconvinte é que a aparencia era pobre polo que se adoitaba recubrir con outros materiais



Cantos rodados

Pedras





Sillares



Ladrillos
Opus latericium

Para cada necesidade un tipo de material, e para cada obra unha forma de dispoñer e alternar os diferentes materiais:

## **Opus** ou **Aparellos**



Opus incertum
(forma irregular)



Opus reticulatum
(piezas regulares)



Opus latericium
(ladrillos)



Opus mixtum
(sillar y ladrillos)



a soga y tizón



Opus spicatum
(forma de espina de pez)

Con estes tres elementos constructivos (Cubertas, Soportes e Opus), os romanos levantaron unha *GRAN VARIEDADE DE EDIFICIOS*

# A CIDADE ROMANA

## *IMPORTANCIA DAS OBRAS PÚBLICAS*






Plano de Timgad (Argelia)




**Romanización=urbanización**, son urbanitas e divinizan a súa cidade. Urbanismo práctico

Construcións urbanas: **o Foro**

· Centro urbano, relixioso, político e comercial. Agrupa templos, basílicas, Senado, bibliotecas e tendas.

· Praza enlousada rodeada de pórticos con efigies, arcos de triunfo, columnas e tribunas

· O máis antigo é o Forum Magnum, despois viñeron o de Cesar, Augusto e Trajano



TEMPLO DE JUPITER
Colosseum
Aqueducto
EL PALATINO
Tiber
FORO
TEMPLO DE JULIO CÉSAR
TEMPLO DE VESTA
SENADO
ARCO DE SEVERO
LA CIUDAD DE ROMA

Gran **variedade** de edificios que deron orixe a unha tipoloxía constructiva que se difundirá ao longo do imperio. Cada modelo pensado para unha "**función**" determinada.

**O Templo** Síntese do grego e do etrusco. elevado sobre un podium con escalinata frontal. Ordes varios e planta rectangular e circular.

.



Maisòn Carré



Templo de Vesta



Panteón de Agripa

**A Basílica** **Función doble: Xudicial e Comercial**. Sede de maxistrados, xuizos e negocios comerciais. Se sitúa no Foro.

**Planta** de 3 naves, separadas por columnas, central máis alta e acabada en ábsida semicircular para os xuices. **Cuberta** en bóveda de canón na central, techumbre plana de madeira en laterais e cuarto de esfera na ábsida·

Pasará a **Basílica Paleocristiana a partir de 313 Edicto de Milán**



**As Termas**. Son os baños públicos, lugar de reunión e conversación.



## Edificios de espectáculos: O Teatro

·**Deriva do grego con diferenzas**







## O Anfiteatro

·**Fisonomía**: Teatro dobre, circular ou elíptico e pechado. A orquesta convértese en **area** separada por unha abalaustrada moi alta. **Adícase** a espectáculos cruentos, loitas de gladiadores, de fieras, sacrificios humanos de ladróns e disidentes (cristiáns), ata combates navales. · Hai moitos por todo o Imperio (**Tarragona-Nimes)** Pero o máis importante é o **Anfiteatro Flavio ou Coliseum**

Coliseum



## O Circo

·É o máis grande. **Provén do Estadio Grego. Se adica** a carreras de cuádrigas e exercicios atléticos

· Non chegou ningún ata nos pero o máis grande era o **Circus Máximus** de Roma.



## Monumentos triunfais e Conmemorativos:  O Arco de Triunfo

· **Creación romana**



Arco de Tito



Arco de Séptimo Severo



Arco de Constantino

## A Columna Triunfal

· Tamén conmemorativa de feitos e persoas. Tamén é de creación romana. · La más importante es la **Trajana** del año 113 en el foro de Trajano. De 40m



**Obras de Enxeniería:** O Acueducto,



Segovia

A ponte

Alcántara



Pont de Gard



A Calzada

Lixeiro abombamento cara arriba no centro para facilitar a evacuación da auga en caso de choiva.

Establecían surcos de metro e medio aos lados para o correcto drenaxe de auga

Dispuñan de miliarios que sinalaban as distancias





Xorden con fins militares pero sirven para vertebrar o imperio

Construirán uns 90.000 km. de vías

Dependendo do tipo de chan podía ter menos capas.

Seguían trazados rectos, dentro do posible, buscando as rutas máis curtas